



## **ROSALÍA DE CASTRO**

O 24 de febreiro está recollido oficialmente como día de Rosalía de Castro pola Consellería de Cultura e Educación. Con tal motivo a AELG (Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega) promove unha serie de actividades para conmemorar o nacemento da nosa poetisa máis ilustre. Este ano ten especial relevancia a súa obra CANTARES GALLEGOS, pois cúmprense 150 anos da súa publicación.

# ROSALÍA DE CASTRO



Naceu en Santiago en 1837 e morreu en Padrón en 1885. Rosalía de Castro, é unha das voces máis importantes da literatura española do s.XIX, e a máis importante da literatura galega; ó dicir de Ramón Piñeiro, é "a primeira imaxe espiritual de Galicia".

Foi "a primeira", a que abriu os camiños para a dignificación dunha lingua por medio da creación literaria. Partindo da lingua recollida do pobo, denunciou as mágoas de Galicia á vez que as súas propias; cantou á terra e ás súas xentes... Foi, en fin, a que recuperou o valor literario da nosa fala.

CANTARES GALLEGOS e FOLLASNOVAS, en galego; e EN LAS ORILLAS DEL SAR, en castelán, fixeron de Rosalía una figura capital do século XIX hispano, e unha figura de tal altura na literatura galega, que ningunha outra que despois xurda conseguirá superala.

O ano 1963 cumpríronse cen anos da dedicatoria por Rosalía de Castro, a Fernán Caballero, do seu libro CANTARES GALLEGOS. E o día da dedicatoria -17 de maio- escolleuse pola Real Academia Galega como "Día das Letras Galegas". O primeiro destes días foi, por suposto, para Rosalía de Castro.

Cantarte hei, Galicia,  
teus dulces cantares,  
que así mo pediron  
na veira do mare.

Cantarte hei, Galicia,  
na lingua gallega,  
consolo dos males,  
alivio das penas.

Mimosa, soave,  
sentida, queixosa;  
encanta si ríe,  
conmove si chora.

Cal ela, ningunha  
tan doce que cante  
soidades amargas,  
sospiros amantes,

misterios da tarde,  
murmuxos da noite:  
Cantarte hei, Galicia,  
na beira das fontes.

Que así mo pediron,  
que así mo mandaron,  
que cante e que cante  
na lingua que eu falo.

Adiós, ríos; adios, fontes;  
adios, regatos pequenos;  
adios, vista dos meus ollos:  
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei,

prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casiña do meu contento,

muíño dos castañares,  
noites craras de luar,  
campaniñas trimbadoras,  
da igrexiña do lugar,

amoriñas das silveiras  
que eu lle daba ó meu amor,  
camiñiños antre o millo,  
¡adios, para sempre adios!

Vente, rapaza,  
vente, meniña,  
vente lavar  
no pilón da fontaña.

Vente, Minguño,  
Minguño, vente;  
douche si non  
polo demo do dente.

¡Que auga tan limpa!  
¡Que rica frescura!  
Vente a lavar  
que é un primor, criatura.

Válganos Dios,  
que si auguiña n'houbera,  
lama este corpo  
mortal se volvera.